

CLUB CICLOTURISTA VALLADARES
CMÑO. DO PEDREGAL, 6
36315 – VIGO
E-mail: administración@valladares.tv
TLF: 626611532
CIF: G- 36796258

OFERTA DE EMPREGO DOS POSTOS CREADOS AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2020, PARA ENTIDADES DEPORTIVAS

O Clube Cicloturista Valladares, ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir os seguintes postos de traballo temporal, dunha duración determinada de 2 ou 3 meses, periodo que vai do 1 de xullo ata o 30 de setembro do 2020

1º.- Un/ha Técnico/a Contable durante 8 horas diarias, de xullo a setembro

Titulación requirida: FP2 ou Ciclo Superior da rama Administrativa ou experiencia equivalente acreditada

2º.- Un/ha Monitor/a Deportivo, durante 8 horas diarias, de xullo a setembro

Titulación requirida: Ciclo medio ou superior en actividades físico deportivas. Valorarase a posesión de coñecementos sobre o adestramento nun ximnasio.

3º.- Un/ha Monitor/a de tempo de lecer, durante 6 horas diarias nos meses de xullo e agosto

Titulación requirida: Monitor de tempo de lecer, Técnico en Animación Sociocultural, Educación Infantil ou similar

Criterios de escolma para os postos por orde de preferencia:

1º.- Que teñan a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos), ou acrediten maior experiencia.

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- Se estes filtros non deixan un único candidato por posto, será a entrevista persoal a que decida @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidat@s non cumpran os requisitos, recurrirase a unha nova convocatoria pública, a oficina de Emprego ou a outras vías para cubrir o posto.

CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:

Non se admitirá como candidat@ a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo dende o 1 de xaneiro do 2019, que non cumpra coa titulación ou experiencia mínima requirida no posto, agás que ningún candidato dispoña dela e que non estea en situación de desemprego.

A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A documentación entregárase en man, nas oficinas do C.V.C. Valladares, en horario de 09.30 a 14.30 e de 16.30 a 21.30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta. Dentro deberá conter: unha fotocopia da tarxeta de desemprego, un volante de residencia ou empadramento actualizado, unha fotocopia do título que o habilita para optar o posto, un Curriculum Vitae e de ser o caso os contratos laborais ou acreditacións oficiais que proben a experiencia nesa función. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables, se os houbera. Si por causa de forza maior non fora posible entregala presencialmente, pódese remitir a administración@valladares.tv

Prazo de entrega da solicitude : 17 ó 23 de xuño(inclusive) ás 21,30 hora presencial e ate as 23,59horas polo correo-e.

Data da escolma: 24de xuño. Máis información na web: www.valladares.tv, ou na <http://asociacions.vigo.org>, tamén nos taboeiros de anuncios do CVC Valladares e no do Departamento de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego do Concello de Vigo.

***Só se avisará @s candidat@s seleccionad@s**

A XUNTA DIRECTIVA

Subvenciona:



